


LITERATURA GREGA

2º BAC. CURSO 2024-25



**IES EDUARDO PONDAL
(COMPOSTELA)**

DEPARTAMENTO DE CLÁSICAS

ALUMN@:

GRANDES BATALLAS DEL MUNDO
...Y SUS HEROES INSUMISOS

LA 2ª BATALLA DEL PELOPONESES

WIM

Y DE NUEVO COMENZÓ UNA NUEVA GUERRA, "PELOPONESES 2" (NADA QUE VER CON LOS PELOS)



LOS ESPARTANOS CORREN A JUNTARSE CON SUS ANTIGUOS ENEMIGOS LOS PERSAS, QUE TIENEN UNA FLOTA MUCHO MÁS GRANDE, Y HUNDEN LA FLOTA ATENIENSE...

¡A POR ELLOS!

¡NO DEJEMOS UNO!

¡JODER ¿QUÉ PASA?

¡NOS ATACAN!



COMO TE CONTAMOS, BIENAMADO LECTOR, LA PAZ ENTRE ATENIENSES Y ESPARTANOS NO DURÓ MUCHO...

¡IDIOTA, EL REMATE ES ASÍ!



¡BIEN ATENAS ES ASÍ, GILIPOLLAS!!



EL CABREO FUE GORDO, LOS ATENIENSES AL MANDO DE ALCIBIADES ATACAN SIRACUSA CON SU FLOTA. PERO NO LES SALIÓ COMO ESPERABAN...

¡A POR ELLOS!

¡NO DEJEMOS UNO!



LOS QUE SE SALVAN CORREN A REFUGIARSE TRAS LA MURALLA DE ATENAS, PERO LOS ESPARTANOS NO SE DETIENEN...

¡JO! ¿NO DIJO PERICLES QUE ERAN INEXPUGNABLES?



SE CARGAN LA MURALLA Y LOS POBRES ATENIENSES TAN DEMÓCRATAS Y LIBERALES SON SOMETIDOS POR LOS ARISTOCRÁTICOS, QUE LES COLOCA UN GOBIERNO "SUPER CARCA", QUE SE LLAMARÍA EL DE LOS "TREINTA TIRANOS". IMAGINAD... SI YA ES JODIDO TENER UN PRESIDENTE, LO QUE SERÍA TENER TREINTA...

¡ESO! ¡AQUELLO!

PROHIBIDO!

¡ESO NO!

TODOS A TRABAJAR!

¡LAS VÍRGENES PA NOSOTROS!

¡A LAS SIETE TODOS DE PIE!

¿QUIÉN ME HACE UN FRANCÉS?



ASÍ LO CONTÓ LA HISTORIA Y ASÍ OS LO CUENTO YO...

1. A ÉPICA: HOMERO

Os poemas homéricos son a testemuña literaria máis antiga en lingua grega. *Ilíada* e *Odisea* eran para os antigos unha especie de Biblia, libros básicos para todo, e coa súa lectura e comentario educáronse incontables xeracións de homes de Occidente.

Reflicten un estadio cultural primitivo: o home non é responsable dos seus actos, está en mans de forzas superiores como o destino, os deuses, o medo, a fama... Pero este mundo é variado e está matizado mediante unha riqueza de formas. Fronte a outras epopeas, obsérvase unha clara vontade de forma e un sentido estético de sobriedade para adecuar a forma literaria ó tema e ó contido.

A mellor comprensión do legado homérico débese aos descubrimentos arqueolóxicos e a comprobación de que a guerra de Troia foi un feito real na historia grega do segundo milenio a. C.; e tamén ao descubrimento do carácter oral da poesía homérica, podendo así comparar a épica grega cos cantares de xesta doutros pobos e épocas.

CARACTERÍSTICAS DO XÉNERO ÉPICO

A épica é un xénero literario que narra as fazañas dun heroe ou as xestas gloriosas dun pobo.

A denominación de «poesía épica» provén do adxectivo ἐπικός derivado do substantivo ἔπος «palabra», «relato» e xa especificamente «poesía narrativa». A súa forma está descrita nos propios poemas polo uso do verbo αἰδεῖν «cantar» e o substantivo αἰδός «cantor». Xa no primeiro verso da *Ilíada* aparece este verbo: «Μῆνιν ἄειδε, θεά,...» “canta, musa, a cólera...”.

Os **aedos** eran poetas orais e, como o seu nome αἰδοί indica, «cantores», xa que literalmente cantaban sós ou acompañados de instrumentos como unha cítara ou lira. A tradición popular atribúelles trazos como a cegueira ou o deambular de corte en corte. Eran profesionais, constituían un gremio e gozaban dunha gran consideración social tanto entre os cortesáns dos palacios nos que cantaban, como entre o pobo que se reunía nunha praza pública a escoitar os seus cantos. Están inspirados pola musa ou por Apolo, polo que son considerados dalgún xeito como intermediarios da divindade. O tema dos seus cantos son as xestas dos guerreiros, a súa misión é

inmortalizar as súas fazañas. O aedo canta a ἀρετή ou valor dos heroes, de xeito que o seus poemas épicos mostran unha galería de personaxes dignos de imitación. Son, por tanto, educadores do pobo, xa que transmiten feitos do pasado e unhas normas de conducta. Suponse unha serie de coñecementos sobre o pasado, que tiveron que chegarlle ó autor por vía oral. Non só se refiren estes coñecementos ó mito, senón a feitos culturais diversos:



Idade do Bronce

1600 a. C. Os aqueos, primeiros gregos, invaden Grecia.

1.400 a. C. esplendor da Cultura Micénica. Enclaves no Peloponeso: Micenas, Tirinte, Tebas, Pilo, Argos... Relacións comerciais con Troia, Exipto, Sicilia...

1.250 a. C.: Guerra de Troia. Os gregos enfróntase aos pobos de Asia Menor para intentar controlar as rutas comerciais do Mar Negro, para asegurarse a provisión de cereais.

1.200 a. C. Declive civilización micénica.

Idade do Ferro

1.100 a. C. Invasións dorias. aparición do ferro. Desaparición da escritura (Época escura).

900 a. C. Xurdimento das poleis como modelo administrativo do mundo grego.


Época Arcaica

800 a. C.: reaparición da escritura (alfabética). Poemas homéricos.






Fresco de aedo, Pilos



Porta dos leóns, Micenas



Reconstrucción de Troia



Restos de muralla, Troia

assembleas, consellos de personaxes importantes, catálogo das tropas, descrición de armaduras, palacios, carros de combate...

Ilíada e *Odisea* presentan características dunha épica anterior e da lingua grega do segundo milenio, reflexo da fase oral, de continua creación e recreación que precedeu á súa fixación por escrito. As **características, propias da épica popular**, son comúns ás dos outros grandes poemas épicos da literatura universal, e son as seguintes:

- Lingua arcaizante e artificial, que fundamentalmente é dialecto xonio, pero con formas doutros dialectos (eolio e ático) ou que desapareceron, palabras transformadas e adaptadas por necesidades métricas.

- Linguaxe formularia: frases feitas que se repiten; como os epítetos dun personaxe ("*Aquiles, o dos pes lixeiros*", "*Atenea, a de ollos de curuxa*") descrición dunha acción concreta (toma-la palabra nunha assemblea, o amencer, sentarse a comer ou beber...). O cantor combina á súa vontade estas frases, que serven de recursos mnemotécnicos e teñen función ornamental, e improvisa baseándose nos argumentos que aprendeu de outros cantores.

- Uso de tópicos: hai símiles e comparacións xa consagrados na literatura universal. Hai temas favoritos como as assembleas de personaxes importantes, catálogo de tropas, descrición do heroe na batalla, das súas armas, do seu carro, mencionar as xenealoxías dos guerreiros...

A estructura métrica da poesía épica baséase no hexámetro, na que cada verso está composto por seis pes ou metros, formados cada un por unha sílaba longa e dúas breves (dáctilo __ v), se ben as dúas sílabas breves poden substituírse por unha longa (espondeo __ __).

HOMERO AUTOR

Sobre da figura de Homero hai diversas teorías: dende os que cren que non existiu, ou que en todo caso so compoñería un dos poemas, ata os que o consideran personaxe real, autor de ambas obras. A discusión destas teorías deu orixe á chamada "Cuestión Homérica", na que se enfrontaron basicamente dúas posturas: os analistas, que dubidaban da figura de Homero, e en modo algún admitían que compuxese os dous poemas; e os unitarios, que aceptaban a existencia dun grande poeta, autor de ambos poemas. Hoxe en día está máis aceptada a última teoría, aínda que non importen detalles como si se chamaba ou non Homero, si era cego, ou si nacera en Quíos ou Esmirna.

O noso poeta viviu no s.VIII a. C., pero a época cantada nos seus poemas é o s.XII a. C., aínda a Idade do Bronce. Entre ambas datas median os catro séculos da Época Escura, polo que o poeta tivo que recibir dalgún xeito esa información sobre unha época remota para el. A tradición oral, transmitida polos aedos, proporcionalle a Homero ese coñecemento e describenos o mundo dos seus antepasados con todo tipo de detalles, incluso as veces repite epítetos arcaicos que xa non eran ben entendidos pola xente da súa época, e que para nós teñen un significado

escuro. Tamén comete pequenas incongruencias, como mesturar na súa narración elementos propios da súa época: menciona o ferro, aínda descoñecido polos aqueos e aportado máis tarde polos dorios.

A pesar de todo, na redacción dos poemas recoñécese a man dun artista, que modela o material oral que recibe mediante unha forma e un estilo, creando unha **épica culta** que se diferencia da popular polos seguintes trazos:

- Gran extensión dos poemas e **unidade** dramática, pois desenvolven unha soa acción do protagonista dentro dunha acción colectiva: Aquiles na Guerra de Troia, Ulises na *Odisea*.

- Forma narrativa: combinación de acción dramática e momentos dilatorios ou de menos tensión. O drama condénsase e apertase ó final das obras e acaba cun sosego: na *Iliada* Aquiles devolve o cadáver de Héctor e chora con Príamo as desgracias dos homes; na *Odisea*, despois de matar Ulises ós pretendentes, reconcíliase cos familiares destes e visita ó seu pai.

- Humanización: Hai poucos monstros e elementos máxicos fronte a outros poemas de outras culturas. Os **heroes homéricos** están por riba do home común, son modelo para el, pero tamén sofren como el. A principal característica é a súa ἀρετή (valor, virtude), que debe exhibir no combate. Esta virtude é innata na clase aristocrática e non a perden aínda que cometan accións imprudentes. Os heroes son, nalgúns casos, descendentes de deuses e/ou se comparan con eles. A súa máxima aspiración é o recoñecemento público, que se ve reflectido no reparto do botín e que debe ser pregado polos demais homes. Este honor tamén lle proporcionará unha fama inmortal (κλέος) para a posteridade.

Homero crea personaxes que son paradigma dalgunha virtude ou defecto:


- **Néstor**: prototipo do ancián nobre, conselleiro do exército. É a personificación da prudencia no home.

- **Diomedes**: cabaleiro sen tacha, valoroso e hospitalario e o máis prudente de todos os da súa idade. Por isto é o portavoz da comunidade nos momentos máis graves e sucesor de Aquiles cando se retira do combate.

- **Héctor**: loita pola súa patria e polo seu pobo e nel xogan un importante papel o amor pola súa esposa e fillo e a comprensión das debilidades do próximo, Paris e Helena. O poeta configura o seu propio ideal de heroe: o heroe humanizado non alleo ás grandezas ou debilidades dos demais.

- **Aquiles**: Non sempre marcha de acordo cos ideais cabaleirescos, xa que está posuído pola ira. Tampouco modera os seus sentimentos cando morre o seu amigo Patroclo. Posúe os maiores atributos heroicos: fillo dunha deusa, as súas armas son fabricadas polo propio Hefesto, o máis fermoso dos heroes aqueos e os deuses máis poderosos están interesados no seu destino. É un heroe demasiado grande para estar encadrado e excede e enriquece os ideais cabaleirescos.

- **Patroclo**: destácase a súa fidelidade a Aquiles. As súas fazañas no canto XVI son un procedemento indirecto para reflectir a grandeza de Aquiles, con quen o confunden os troianos por levar as súas armas



Taboíña micénica de Pilos



Reconstrucción do palacio de Pilos



Máscara de Agamenón



Rapto de Helena, vaso

- **Odiseo:** Na *Ilíada* non é unha primeira figura e parece que ten menos trazos aqueos e aristocráticos cos demais. Non sobresaíe nel a valentía senón a reflexión o cálculo e a astucia e está mellor tratado na *Odisea*, onde destaca pola súa humanidade.

A **intervención dos deuses** antropomórficos na acción dos poemas é continua. A sociedade do Olimpo está estruturada sobre o modelo da micénica, no cumio da pirámide estaría Zeus, seguido dos deuses olímpicos e deuses menores. O pai Zeus móstrase como auténtico *pater familias* e con vulgares rifas de esposos. O poeta dispuña dun repertorio de cantos épicos de tema mitolóxico aos que recorre cando é necesario e trata os temas con liberdade poética, ofrecendo variantes dalgún mito.

O home homérico non está concibido coa plenitude racionalista da época clásica, é previo ó nacemento da filosofía. O home non é responsable das súas accións, porque obra posuído por forzas superiores e estrañas. Hai pasaxes que representan as accións humanas motivadas por un deus: o deus da ou quita forza no combate, auxilia ós seus favoritos. O deus ou deusa inspiran sentimentos de ira, amor, paixón, serenidade, valor... Os personaxes compórtanse obedecendo os designios divinos, como sucede cando Patroclo cae no combate no canto XVI.

A ILÍADA (sinopse)

O tema principal da *Ilíada* é a cólera de Aquiles, no contexto da Guerra de Troia (Ilíón), xa no seu noveno ano.



Agamenón, o soberano supremo dos gregos, ofende ó sacerdote de Apolo, Crises, por negarse a devolverlle a súa filla. Apolo, en represalia, envía a peste o exército grego, polo que se ve obrigado a devolver á rapaza. Enfróntanse Aquiles e Agamenón e este quita a Aquiles a súa escrava Briseida. Aquiles encolerízase e retírase da loita. Tetis, nai de Aquiles, suplica a Zeus que desagравie o seu fillo causando unha desfeita entre os gregos. Zeus consinte.

De novo no combate, Paris, premido por Héctor, enfróntase a Menelao nun combate singular e gregos e troianos aceptarán o resultado do dó. Cando Paris está a punto de ser derrotado, Afrodita líbralo e devólveo ao leito de Helena. O exércitos volven a enfrontarse. **Ó ver ós troianos en apuros, Héctor acode á cidade para pedir oracións e sacrificios. O troiano Glauco e o grego Diomedes enfróntanse e, tras recoñecer os seus lazos de hospitalidade, intercambian as súas armas. Despedida de Héctor e Andrómaca. Paris e Héctor volven ó combate.**

Continúa o combate. Aquiles persiste na súa retirada, a pesares da embaixada que lle envía Agamenón. Os gregos comezan a retroceder e a sufrir perdas importantes. Héctor dispónse a incendiar as naves dos gregos.

Patroclo pídelo ao seu amigo Aquiles que lle preste as súas armas e que o deixe ir ao combate. Aquiles acepta, pero só até que rexeite o inimigo das naves. Patroclo, facéndose pasar por Aquiles, causa estragos no campo de batalla ata que é morto por Héctor.

Héctor apodérase da armadura de Patroclo. Prodúcese unha loita polo cadáver de Patroclo, que conseguen recuperar



os gregos.

Aquiles chora a Patroclo e decide vingalo. Tetis encarga a Hefesto unha nova armadura para o seu fillo.





Aquiles reconciliáse cos gregos, Briseida élle devolta, sae de novo ao campo de batalla e provoca unha matanza no río Escamandro, que se desborda en protesta por tanta violencia e pon en perigo a vida de Aquiles.


Aquiles diríxese a Troia e persigue a Héctor, que quedara fora das murallas. Zeus, despois de sopesar os destinos de ambos os dous cede ao de Héctor. Coa axuda de Atenea Aquiles dá morte a Héctor e aldraxa o seu cadáver, arrastrándoo arredor das murallas de Troia

Funerais por Patroclo e xogos atléticos no seu honor. Aquiles, sedento de vinganza arrastra o cadáver de Héctor en torno á pira funeraria de Patroclo. Príamo, guiado por Hermes, acode á tenda Aquiles para suplicarlle que lle devolva o cadáver do seu fillo. Aquiles consinte e concede unha tregua para que os Troianos celebren os funerais. Canto de Andrómaca, Hécuba e Helena. Funerais de Héctor.

CUESTIÓNS

1. Tema e argumento da *Ilíada*.
2. Principais trazos da poesía épica
3. Explica a “cólera de Aquiles” e as súas consecuencias
4. Explica a función do botín no código guerreiro.
5. Papel de Patroclo na *Ilíada*.
6. Características do heroe homérico (liñas principais da súa acción e personalidade)
7. Características do heroe homérico na figura de Héctor.
8. Características do heroe homérico na figura de Aquiles.
9. Papel dos deuses na *Ilíada*.
10. Diálogo de Héctor e Andrómaca: principais ideas e características.
11. Enfrontamento Héctor – Aquiles: principais características.
12. Relacións de amor e amizade na *Ilíada*
13. Causas mitolóxicas e históricas da guerra de Troia
14. Describe a morte de Héctor.
15. Por que Aquiles deixa de pelexar?
16. Por que acode o rei Príamo ao campamento dos aqueos?
17. Que apoios reciben aqueos e troianos de parte dos deuses?
18. Cal é o plan de Zeus na *Ilíada*?
19. Completa a táboa da páxina seguinte colocando o personaxe que corresponda coas súas características. Ten en conta que os nomes propios rematados en -ida significan «Fillo de...» (Ex: Crónida, fillo de Cronos)





Bandos	GREGOS (Europa)		TROIANOS (Asia)	
Outros nomes	Helenos, Aqueos, Arxivos, Dánaos, Micénicos		Dárdanos, Frixios, Teucros	
Deuses partidarios	Atenea, Hera		Afrodita, Apolo	
HEROES PERSONAXES	Heroes	Sobrenomes/ caract.	Heroes	Sobrenomes/ caract.
		Atrida, rei de Micenas soberano supremo		rei de Troia
		esposa de Agamenón		esposa de Príamo
		filha de Agamenón sacrificada		Priamida, sucesor de Príamo
		Atrida, rei de Esparta		esposa de Héctor
		fermosa esposa de Menelao		fillo de Héctor
		Pélida, o dos pes lixeiros		raptou a Helena
		amigo de Aquiles		filha de Príamo, profetisa
		ancián conselleiro		Aliado de Licia
		Tidida		licio, enfrontouse a Diomedes
		Laertiada, famoso pola súa intelixencia		Escapou da destrución de Troia cara Italia
		esposa de Ulises		pai de Eneas
		o grande, fillo de Telamón		fillo de Eneas
		o pequeno, fillo de Oileo		
		Rei de Creta		

20. Completa no seguinte mapa o nome dos reis ou βασιλῆες de cada reino. Sinala cun círculo o reino do ἀναξ ou soberano.



2. A LÍRICA

A poesía lírica é tan antiga como a épica. Os poetas líricos continuaron e desenvolveron os temas de Homero e Hesíodo, pero despregaron unha rica orixinalidade en canto ao pensamento relixioso e humano, reflexo do florecemento cultural (xurdimento do λόγος en Asia Menor) e económico desta época (colonización e comercio polo Mediterráneo).



Lira de marfil, s. XIII a. C.

A lírica florece en Grecia entre os séculos VII e V a. C. O nome de “lírica” provén de λύρα xa que esta poesía era cantada por un solista ou un coro e acompañada por un instrumento musical.

A diferenza da épica, que narra fazañas en terceira persoa dirixidas a un público; a lírica describe sentimentos en primeira persoa, dirixidos a unha segunda persoa. O poeta invoca a un deus ou ao seu amado/a, ou aconsella a un compañeiro de banquete, aos concidadáns ou ataca e maldice a alguén.



Banquete, vaso

Ambos xéneros, épica e lírica, coinciden en ser cantos de festexo.

Outra diferenza coa épica é a extensión dos poemas. Na épica a extensión é impredecible, ao igual que é impredecible a orde na que aparecen os elementos. Na lírica hai unha extensión limitada e domina a estrutura ternaria: nos poemas hai un proemio, un centro e un epílogo.

TIPOS DE POESÍA LÍRICA

- **Lírica monódica** (<μόνος + ᾠδή) cantada por un solista. A lingua utilizada é o dialecto local do poeta: lesbio ou xonio principalmente e ático nalgún caso. Pola temática e tipo de verso na monodia distínguese:

- **Elexía** (<ἐλεγχος canto de dó) A súa temática é variada (exhortación á guerra, política, lamento, encomio ou loanza, epigrama funerario, conmemoración...). O verso usado é o dístico elegíaco (un hexámetro e un pentámetro). Destacan poetas como Calino, Tirteo, Solón, Mimnermo e Teognis.

- **Iambo** (<ἶαμβος, tipo de pé ou metro). De contido burlesco e satírico. O verso usado é o iambo, formado por υ __ Destacan Arquíloco, Semónides e Hiponacte.

- **Poesía mélica** (<μέλος música, poesía lírica). Canta o amor, ó viño e ás mulleres... O tipos de verso son variados. Desenvólvese principalmente en Lesbos, destacando Safo, Alceo e Anacreonte.

- 800 a. C. Colonización grega polo Mediterráneo Occidental: Sicilia, Magna Grecia...
- 775-570 a. C. desenvolvimento das poleis. Forma de goberno predominante: tiranía.
- 700 a. C. Aparición da infantaría pesada (ὀπλίτης) que combatía en formación cerrada e compacta, a falanxe. Ao ser a armadura menos costosa, poden participar no exército grupos medios da sociedade que reclamarán unha maior participación na vida política.
- 650 a. C. Por influencia dos xonios Grecia adopta a economía monetaria xurdida en Lidia. Gran mobilidade social: xurde unha nova clase enriquecida polo comercio que reclama participación política e establecemento de leis escritas. Desprazamento do poder da aristocracia terratenente aos comerciantes.
- 594 a. C. Leis de Solón en Atenas. Os lexisladores non consiguen solucionar as crises sociais, polo que se consolidan as tiranías. Os tiranos, nun principio, facían reformas para beneficiar ao pobo, con poder absoluto obtido pola forza.
- 561 a. C. Pisístrato tirano de Atenas.
- 537 a. C. Tiranía de Polícrates en Samos, florecemento cultural e talasocracia no Exeo.

- **Lírica coral**, cantada por un coro. O poeta expresa o sentir colectivo en himnos, cantos de guerra, loanza aos atletas triunfadores... interpretados en festas públicas das poleis. En dialecto dorio, destacan Píndaro, Alcmán, Íbico e Baquilides.

(A paxinación dos poemas correspóndese co libro *Líricos griegos arcaicos*, edición de Juan Ferraté, ed. El Acanalado.)

O IAMBO: ARQUÍLOCO DE PAROS



Falanxe de hoplitas

Arquíloco viviu arredor do 650 a. C.. Fillo bastardo dunha familia nobre, tivo que emigrar e gañar a vida como soldado mercenario, intervindo en guerras contra os tracios (os parios tentaban colonizar Tasos). Na súa poesía descríbennos a dureza da guerra, as traizóns, búrlase do seu exército e de si mesmo cando abandona o escudo para salvar a vida: *“pero salvei a miña vida, ¿qué me importa aquel escudo?”* (pax. 109, 6), é a antítese do heroe homérico.

Arquíloco amósase irrespectuoso cos principios tradicionais e rexeita a hipocrisía e corrupción da súa época *“Ningún cidadán goza de honor e de fama cando está morto”*

(páx. 131, 60)

No amoroso Arquíloco foi desgraciado, xa que un tal Licambes negoulle o matrimonio coa súa filla Neobula. Os ataques a Licambes (páx. 139, 78) convertéronse nun tema na súa poesía e foron ata tal punto despiadados, que pai e filla aforcáronse pola vergoña producida. A pesar disto, Arquíloco tamén se nos amosa coma un poeta apaixonado e tenro: *“un ansia tal de amor enredou o corazón e derramou nos ollos unha espesa néboa, roubándome do peito doces sentimentos”* (páx. 141, 82)

Aparece nos seus poemas o tema da fugacidade da vida: *“Xa non tes en flor a túa suave pel...”*

A MÉLICA: SAFO E ANACREONTE

Considerada como a **lírica monódica** en esencia, polo seu ton intimista na descrición da paixón e afecto. É unha poesía refinada, de gusto aristocrático, que valora a sinxeleza sen artificios. É unha poesía individual e persoal, executada en banquetes privados ou grupos pechados, xeralmente de elite.

SAFO DE LESBOS



Safo, fresco de Pompeia

Naceu e viviu na illa de Lesbos cara o 600 a. C. Foi contemporánea do poeta Alceo e parece que entre ambos houbo unha certa relación, xa que Alceo refírese a ela: «Safo, coroada de violetas, sacra, de sorriso de mel» (páx. 291, 19).

A súa pertenza á aristocracia da illa posibilitoulle unha educación esmerada e un gusto polo refinamento e a beleza, e o desprezo pola muller rústica (páx. 255, 18). Parece ser que enviuvou cedo e que vivía coa súa filla e os seus irmáns.

Tal vez por motivos económicos, dirixiu un **círculo de rapazas** ás que instruía na música, na poesía e no culto de Afrodita, para ela a deusa máis importante.

Nos seus poemas atopamos temas familiares (súa filla Cleis, os seus irmáns...): *“Teño unha fermosa nena, que pode compararse ás flores de ouro, miña querida Cleis...”* (páx. 259, 30). Abondan tamén as referencias ó círculo de rapazas que acudía a súa casa, falando das súas experiencias, da beleza, do amor, das unións cos mozos... Estas mulleres, das que coñecemos nomes como Atis, Anactoria, Góngula... son fermosas, provocan o amor: *“Parece un deus ese home/que senta fronte a ti escoitándote*

moi preto/mentres falas docemente e ris cun xeito encantador./ Mais a min o corazón báteme no peito sen parar..” (páx. 243, 4). Pero tamén provocan os celos, a nostalgia: *“Fíxosete odioso, Atis, preocuparte por min, e voas cara Andrómeda.”* (páx. 257, 25).

Safo evoca o amor como forza transcendental, é sobria, pero chea de vigor e capaz de crear un clima poético a través da expresión espontánea dos seus sentimentos: *Arrástrame, outra vez, Eros o que desmaia os membros,/doce animal amargo que repta irresistible.* (páx. 257, 24)

Crea un novo e moderno concepto estético, a beleza está no que amamos (páx. 243, 5): *o máis fermoso é o que unha ama.*

Safo escribiu no seu dialecto local, o lesbio, pertencente o grupo eolio. A perfección da súa linguaxe fixo que algúns dos seus textos nos chegasen a través dos gramáticos como exemplo dese dialecto. Cultivou metros variados, creando a estrofa sáfica.

ANACREONTE DE TEOS

Anacreonte viviu entre o 570 e 485 a. C. Naceu en Teos, unha cidade da Xonia, da que os seus habitantes, fuxiron tras a conquista persa para establecerse en Abdera, en Tracia. Despois dunha mocidade en Abdera, Anacreonte marchou a Samos, invitado polo tirano Polícrates. Na súa corte cantaba nos banquetes celebrando o viño, as heteras ou os efebos e os praceres en xeral. Cando Polícrates é asasinado fuxe a Atenas, á corte do tirano Hipias, fillo de Pisístrato. Anos máis tarde, Hiparco, o irmán de Hipias é asasinado, Hipias deberá exiliarse e Anacreonte fuxe de novo a Tesalia para volver máis tarde a Atenas. Anacreonte é, por tanto, un poeta viaxeiro ao seu pesar, un “refuxiado” das invasións persas que é chamado polos tiranos e cando estes caen, ten que fuxir de novo. É un representante da Xonia refinada e decadente que ama o goce e os praceres.




Conservamos fragmentos breves e algún algo máis extenso da súa obra. Ten himnos aos deuses, como a pregaria a Dioniso (páx. 303, 7), no que nos amosa a un Dioniso amable que xoga con Eros, con bebida moderada e con compostura, non como os bárbaro tracios ou escitas. Como Arquíloco, non lle gusta loitar e tamén tirou o escudo (páx. 313, 28), non desexa a riqueza (páx. 307, 12) e refúxíase no banquete (páx. 311, 21). Canta o amor e require a homes e mulleres (páx. 305, 9, 10...) e ataca os costumes sexuais das lesbias. O seu amor é sensual e se dirixe a unha hetera: déixame que beba, que estou sedento (páx. 317, 36) ou desexa as coxas do amado (páx. 323, 50).

Aínda que se vexa vello, crese capaz de seducir ás rapazas, como no famoso poema da poldra tracia (páx. 327, 59). Noutras ocasións expresa o tema da fugacidade da vida e o medo á morte (páx. 319, 40). Expresa os vaivéns do amor (páx. 321, 43) e as súas contradicións (páx. 331, 68), como despois glosará Catulo en *odi et amo*.

Anacreonte foi imitado por poetas posteriores, que a partir do s. III a. C. reuniron as súas composicións nunha colección chamada *Anacreónticas*, que durante un tempo pasaron por ser obra do propio Anacreonte. Así creouse o termo “anacreóntica” para designar un subxénero da lírica, en verso de arte menor, que canta os praceres da vida, o viño e o amor.

CUESTIÓNS

1. Temas e características básicas da lírica grega
2. Tipos ou subxéneros de poesía lírica grega.
3. Diferencias entre épica e lírica
4. Temas e características principais na poesía de Arquíloco.
5. Xénero cultivado principalmente por Arquíloco.
6. Compara o concepto de guerreiro en Homero e Arquíloco
7. Temas e características principais na poesía de Anacreonte.
8. Ambiente e contexto no que se produce a poesía de Anacreonte.
9. Temas e características principais na poesía de Safo.
10. Ambiente e contexto no que se produce a poesía de Safo.



3. O TEATRO



Teatro de Epidauro

- 490-479 a. C. Guerras Médicas: Os gregos, capitaneados por Atenas, vencen ós persas (Batallas de Maratón, Termópilas, Salamina, Platea...) e consiguen frear a expansión do Imperio Persa cara occidente. Atenas asume o liderazgo de Grecia.
- 477 a. C. Confederación Dórica: alianza militar para controlar o perigo persa liderada polos atenienses, con base na illa de Delos
⇒ Talasocracia ateniense
- 462 a. C. Reformas democráticas de Pericles y Efialtes que aumentan competencias da asemblea (ἐκκλησία).
- 443- 429 a. C. Século de Pericles. Florecemento cultural, remodelación da Acrópole. Democracia ateniense
- 431-404 a. C. Guerra do Peloponeso. Esparta vence a Atenas (ver páx. 19)
- 404 a. C. Tiranía dos Trinta: goberno oligárquico proespartano. Réxime de terror.
- 403 a. C. Restablecemento da democracia en Atenas. Crises económicas e sociais.

A representación teatral é un acto:

- **Relixioso:** forma parte do culto a Dioniso e nel tena a súa orixe. As súas festas anuais eran no mes de xaneiro as *Leneas*, e no mes de marzo as *Grandes Dionisias*.

- **Social:** é un espectáculo popular, de goce do ocio de forma colectiva. Implica a participación do espectador, a súa reflexión sobre problemas humanos e temas políticos.

O teatro era un instrumento educativo, ensinaba aos espectadores a ser bos cidadáns, algo necesario nunha sociedade que pretendía ser democrática.

A representación teatral está organizada pola πόλις ou Estado en forma de concurso, cun premio para o mellor poeta tráxico e outro para o mellor poeta cómico.

Os cidadáns ricos costeaban as representacións co pago de impostos e recibían honores se a obra era premiada. Estes «patrocinadores» denominábanse *coregos* (χορηγοί).

ELEMENTOS ESCENOGRÁFICOS

Tódolos compoñentes da obra teatral levaban máscara e disface.

- Na traxedia: vestiduras solemnes e luxosas, máscaras de expresión tráxica e o *coturno*, un calzado de madeira con sola bastante grosa. Este calzado especial aumentaba a altura dos actores conferíndolles unha «elevación moral».
- Na comedia: disfraces de animais, mulleres e grotescos en xeral e máscaras cómicas.

En cada representación teatral interviñan:

- actores: ata un máximo de tres, polo que cada un debía representar varios papeis. Os actores eran sempre homes e desempeñaban papeis femininos cando era necesario. Ás veces podían intervir nenos e *personaxes mudos*, que non eran actores profesionais. Os actores recitaban e cantaban na escena.
- O coro: era fundamental na traxedia. Facía a función dun personaxe máis que dialogaba cos actores sobre o que estaba acontecendo. Os seu compoñentes denominábanse *coreutas*; e estaban dirixidos polo *corifeo*, que é quen toma a palabra cando había que recitar. O coro cantaba e danzaba na *orquestra*.

OS XÉNEROS TEATRAIS

A **traxedia** trata temas heroicos ou lendarios, é dicir, mitolóxicos. Estes temas agrúpanse en ciclos: o ciclo troiano, ciclo tebano... O tratamento é solemne e a linguaxe maxestosa. Os protagonistas son heroes ou heroínas da mitoloxía.

Na traxedia grega exprésase claramente o sentimento tráxico da vida: céntrase no dolor humano.

Todo xira en torno ó heroe tráxico. O heroe é un personaxe que, a pesares de ser moralmente superior ós demais, non pode evitar cometer unha falta (ὑβρις) que altera a orde moral establecida ou aceptada pola sociedade. O destino ou ἀνάγκη *lit.* “o inevitable”, que esta por riba de deuses e humanos, equilibrará de novo a balanza. O heroe pasa por unha situación de angustia que

é compartida polo público, despertando nel paixón e compaixón. Ao final o heroe acepta o destino e a xustiza divina que o liberan da súa angustia.

A función da traxedia era a de formar o pobo, darlle unha lección de temperanza e moderación ensinarlle a ser un bo cidadán. O público nas representacións liberaba as súas paixóns, producíndose nel unha liberación ou *κάθαρσις*

A **comedia** trata temas de ficción que nun principio céntranse nos problemas da *polis* (comedia política) e despois en temas da vida cotiá (comedia nova). O tratamento é desenfadado e a linguaxe é popular, próxima á fala do pobo. Os personaxes son xentes sinxelas da polis ou ben deuses ridiculizados e/ou animais.

A comedia perseguía fins semellantes ós da traxedia: liberar ó home das súas angustias e opresións. O heroe cómico por medios fantásticos consegue liberar a Atenas dos seus males: a guerra, os malos gobernantes, as incomodidades, os malos poetas... chegando a un estado de felicidade.

A TRAXEDIA: SÓFOCLES (496-406 a. C.)

É representante da época de Pericles. De familia nobre, desempeñou importantes cargos públicos e militares, séndolle algúns concedidos polo seu prestixio. Gozaba dunha grande popularidade e admiración do pobo ateniense.

O seu interese en asuntos políticos reflíctese nas súas traxedias: *Antígona* e *Edipo Rei*. Colaborou coa política democrática de Pericles, que buscaba:

- Favorecer as clases populares, pero manter a concordia coas clases altas.
- Compatibilizar a racionalidade coa tradición relixiosa.
- Compatibilizar a liberdade co respecto á lei.

Era demócrata conservador, temía a expansión do poder do Estado ata converterse nun tirano. Para el, antes que as leis do Estado estaban *as leis non escritas ou naturais*, que son as defendidas polos deuses.

- **Obras:** *Antígona*, *Ajax*, *Edipo Rei*, *Traquinias*, *Electra*, *Filoctetes* e *Edipo en Colono*.


O tema central das súas obras son os sufrimentos, miserias e grandezas do heroe.

O **heroe trágico** de Sófocles é un ser superior, dotado de virtude ou *ἀρετή*. Arríscase a todo, ten un exceso de confianza en si mesmo e cae na súa propia arrogancia, cometendo así unha falta ou *ὑβρις* contra os deuses por creerse case como eles e por isto é castigado.

A vontade divina debe ser respectada sempre, pero ás veces ó obedecela non libra ó home de desgracias. Ex: *Antígona* é castigada por obedecer ás leis divinas antes que as humanas: desafía ás autoridades da polis e enterra ó cadáver do seu irmán, e cumpre así cos ritos relixiosos. Nisto radica a esencia da traxedia: o inevitable do sufrimento humano, o heroe non pode escapar ó sufrimento pola súa condición de humano.



Actores, fresco Pompeia



Sófocles





Unha das características do estilo de Sófocles é a chamada **ironía trágica**, que consiste en que un personaxe é vítima consciente ou inconsciente dun discurso con dobre sentido. A este dobre sentido tamén contribúen os xogos de palabras e ambigüidade semántica e gramatical. Con isto pretende aumentar a tensión do espectador que coñece por anticipado uns resultados que ignora o propio personaxe.

Edipo Rei

A acción comeza presentándonos a cidade de Tebas asolada por unha peste que, segundo o oráculo de Delfos, só desaparecerá cando se atope e sexa expulsado da cidade o asasino de Laio, anterior rei da cidade. Edipo, actual rei, que conseguiu o trono como premio por descifrar o enigma da esfinge e casou con Iocasta, viúva de Laio, pon todo o seu empeño en buscar ó culpable. Ó longo da traxedia Edipo vai descubrindo que el é culpable e que, sen sabelo, matou ó seu pai, Laio, e casou coa súa nai, Iocasta.

Edipo, un dos máis grandes heroes da traxedia grega, aparece coma un personaxe nobre e bo, que por amor á cidade fai todo o posible por liberala da peste e purificala expulsando ó asasino. A pesares disto, Edipo cae na arrongancia cando despreza os vaticinios de Tiresias, cometendo unha *ὑβρις*, polo que é culpable e convértese na súa propia vítima. Aínda que teña erros e defectos, o heroe sofre un castigo desmesurado, porque os crimes dos que se lle acusa foron cometidos sen intencionalidade e isto eximíao da responsabilidade legal.

O verdadeiro conflito radica na loita desigual e condenada ao fracaso que o heroe emprende contra o seu destino. Sen pedirlo ninguén Edipo autocastrígase provocando a súa cegueira para expiar o crime. So así, mediante o sufrimento e dolor o heroe descobre o máis íntimo de si mesmo, sendo o Edipo cego do final o que de verdade ve.




A COMEDIA: ARISTÓFANES (445-388 a. C.)

Ateniense e posiblemente procedente dunha familia de autores cómicos, Aristófanes vive un dos acontecementos de maior importancia e repercusión na historia de Grecia: a Guerra do Peloponeso

Na súa obra estará sempre presente a situación política do momento: non só a presión externa que exercen os espartanos sobre Atenas, senón tamén as tensións internas que provocan a guerra en Atenas e que desembocan nos intentos antidemocráticos para impoñer gobernos oligárquicos e proespartanos. Por tratar os problemas da πόλις esta comedia denomínase **comedia política**.

Obras: *Acarnienses*, *Cabaleiros*, *Nubes*, *Avespas* e *Paz* (1ª etapa: a busca da paz. Comedias autenticamente políticas). *Aves*, *Lisístrata*, *Tesmoforias*, *Rás*, *A Asemblea de Mulleres* e *Pluto*. (2ª etapa: busca a evasión e propón situacións e solucións utópicas).



A Asemblea de Mulleres

A Asemblea de Mulleres presentouse a concurso no 392 a. C. A situación política en Atenas era a seguinte:

- 404 a. C.: A Guerra do Peloponeso finaliza coa derrota de Atenas ante Esparta. Atenas réndese baixo duras condicións: entregar a flota a Esparta, demoler os muros longos e aceptar o goberno oligárquico imposto por Esparta, a Tiranía dos Trinta, que somete á cidade a un réxime de terror e persecución dos demócratas.
- 403 a. C. Trasíbulo, ó mando dos demócratas, consegue restablecer a democracia en Atenas e facer fuxir ós Trinta.
- 395 a. C. Atenas alíase con Tebas, Argos e Corinto, enemigas de Esparta, para intentar acabar coa súa hexemonía, pero son derrotadas por Esparta en Coronea.

Esta situación desastrosa infunde o desánimo no pobo ateniense e fai que os cidadáns se desentendan dos asuntos públicos e non teñan interese en participar na vida política. Este desinterese chega ata tal punto, que as autoridades establecen un soldo para fomentar que os cidadáns asistan a asemblea. As guerras fundiron a ambos bandos nunha crise económica e romperon o precario equilibrio social, acentuándose a pobreza nas clase baixas, campesiños e artesáns. Os ricos preocupábanse máis de obter maiores riquezas e privilexios, despreocupándose da actividade política. Xorden novos ricos procedentes de actividades pouco nobres, como os sicofantes, delatores profesionais que promovían xuízos e cobraban unha porcentaxe da multa imposta aos acusados. A Asemblea e a Heliea (tribunal popular composto por 6.000 cidadáns) debían preocuparse por encher as súas arcas para poder pagar os salarios dos xuíces e os funcionarios do estado, polo que se facían confiscacións inxustas. Neste clima de decadencia social e política represéntase esta obra de Aristófanes.

Nesta comedia plantéxase unha solución para salvar á cidade e Aristófanes recorre de novo á utopía: entregar ó poder ás mulleres, xa que esta é a única novidade que faltaba por experimentar na política ateniense. As mulleres, vestidas coas roupas dos seus maridos, cóanse na asemblea e conseguen levar a cabo o seu plan: depositar o poder nas mans das mulleres que instauran un réxime de comunismo total de bens e persoas. A artífice do plan é Praxágora, a protagonista da obra cun nome parlante que xa informa ao espectador sobre as súas capacidades: Πραξ-άγορα “a que actúa na ágora”.

Polo seu tema *As Asambleístas* é unha comedia política, xa que trata un problema da pólis, cuestiónase o sistema de goberno da cidade. Pero é sobre todo unha comedia utópica xa que a solución que se propón sería impensable para a cidade de Atenas, posto que destruíría os seus sinais de identidade: o dirixismo das mulleres acabaría coas asembleas, esencia do réxime democrático, e a colectivización de bens acabaría co sistema xudicial, xa que non habería posibilidade de pleitos. A utopía é, por tanto, un tema cómico máis que un recurso.



Teatro de Dionisos, Atenas



Pnix, Lugar de reunión da Asemblea



*Representación das Asambleístas no
Teatro nacional de Atenas, 1956*

Epopeya de Edipo de Tebas (cantar bastante de gesta)

Les Luthiers



De Edipo de Tebas
haciendo memoria
os cuento la historia
con penas y glorias,
de Edipo de Tebas.

Le dijo el oráculo,
Edipo tu vida
se pone movida
serás parricida,
le dijo el oráculo.

Seguía diciendo
si bien yo detesto
hablarte de esto,
se viene, se viene un incesto,
seguía diciendo.

Sabiendo tal cosa,
su padre el rey Layo
veloz como un rayo
le dijo a un lacayo,
sabiendo tal cosa.

Te irás con mi hijo
no quiero que crezca
haz tu que perezca
como te parezca,
te irás con mi hijo.

Cumplida la orden,
el muy desdichado
con los pies atados
quedose, quedose colgado,
cumplida la orden.

Edipo salvose
y a Layo matolo,
peleándolo el solo
al cielo enviolo,
Edipo salvose.

Estilo de Aristófanes

A linguaxe de Aristófanes é a lingua viva do pobo: directa, pero moi rica e imaxinativa. Recorre constantemente ós xogos de palabras, ó equívoco, ó dobre sentido e crea termos novos (como o prato ficticio que se ofrece ao final da obra, con 171 letras). Gústalle parodiar a traxedia, utilizando o tono trágico para asuntos cómicos, e sorprender ao espectador con frases finais non esperadas.

En *Lisístrata* e na *A Asemblea de Mulleres* recorre a tópicos como a loita de sexos, o mundo do revés, as mulleres facendo de homes e viceversa, temas escatolóxicos e escenas eróticas hilarantes. Son frecuentes as escenas típicas onde se poñen de manifesto os defectos de ambos sexos: homes inútiles e miñasxoias, mulleres borrachas e obsesionadas polo sexo...etc.

O seu humor basease na parodia, na sátira e ataque contra os novos movementos intelectuais (os sofistas) e os homes destacados no campo da política e da cultura (Cleón, Pericles, Eurípides...). As súas comedias son unha importante fonte para coñecer-lo ambiente ateniense do s. V. a. C.

Critica a tódalas clases sociais, pero escolle como protagonistas da súas obras ós personaxes do pobo chan que queren vivir tranquilos e sen guerras.

CUESTIÓNS

EDIPO REI DE SÓFOCLES

1. Tema central de *Edipo Rei*
2. Resume o argumento da obra en poucas liñas
3. Trazos do heroe trágico en *Edipo Rei*
4. Desenvolvemento do mito de Edipo
5. Ironía trágica en Sófocles con exemplos en *Edipo Rei*
6. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico
7. Papel de Iocasta en *Edipo Rei*.
8. Personaxes de *Edipo Rei*
9. Explica o simbolismo de visión/cegueira ou luz/escuridade en *Edipo Rei*.
10. Explica que é o «complexo de Edipo» e se che parece apropiada esta terminoloxía no campo da psicoloxía.
11. Explica se en *Edipo Rei* se cumpren algunhas das características formais do drama clásico e de que recursos se vale Sófocles:
 - Unidade temporal e espacial
 - Número de actores
 - Non representar a morte en escena
12. O crime cometido por Edipo coñécese dende o principio da obra de Sófocles?
13. A intervención do sacerdote fai as veces de prólogo. Indica cal é a situación da cidade de Tebas.
14. Que imaxe teñen de Edipo os seus concidadáns?
15. Cal é a actitude de Edipo ante os problemas da cidade? Que medidas adopta para salvala?
16. Cal é a proclama de Edipo?. Sinala un exemplo de ironía trágica.

17. Agón Edipo- Tiresias:
- Por que Tiresias se nega a contestar a Edipo?
 - Que acusación formula o rei contra o adiviño?
 - É correcta a actitude de Edipo co sacerdote?
 - Con que profecía resposta o augur?
18. Argumentos que usa Creonte contra as acusacións que lle fai Edipo.
19. É correcta a actitude de Edipo con Creonte?
20. Diálogo Edipo- Iocasta:
- Que oráculo ameazaba a casa de Laio?
 - Como o interpreta a raíña?
 - Que efecto producen as súas palabras en Edipo? .
 - Segundo as explicacións de Iocasta, explica a etimoloxía de Edipo provén de οἰδέω «inchar» + ποῦς, ποδός «pé»
21. Que noticias trae o mensaxeiro e que dobre efecto producen no rei?
22. Por que Iocasta lle impide a Edipo continuar coas súas indagacións?
23. Que datos aporta o servo pastor para a solución definitiva do conflito?
24. Comenta a opinión do coro sobre a felicidade humana.
25. Cal é a función do relato do segundo mensaxeiro?
26. Que importancia teñen os oráculos e o destino neste drama? Pódese evitar a traxedia?

AS ASAMBLEÍSTAS DE ARISTÓFANES

1. Tema e argumento das *Assembleístas* de Aristófanes.
2. Situación política de Atenas no cambio do século V-IV como inspiración de *Asembleístas*
3. Personaxes das *Assembleístas*: tópicos masculinos e femininos.
4. A utopía na obra de Aristófanes.
5. O tópico do mundo ao revés nas *Assembleístas*
6. ¿Por que as *Assembleístas* pode considerarse unha comedia política?
7. Sátira e denuncia social e política na obra de Aristófanes: clase política, actitude dos cidadáns, sicofantes...
8. Situación da muller na Antiga Grecia: dereitos políticos, vida doméstica.
9. Funcións da asemblea (ἐκκλησία) e requisitos dos seus membros.
10. Explica o nome parlante de Praxágora, atendendo á súa etimoloxía
11. Argumentos de Praxágora a favor do goberno de mulleres
12. Explica o plan de Praxágora para conseguir un bo goberno na polis, pros e contras.
13. Quen eran os sicofantes? Alusións na obra.
14. Busca exemplos dos recursos cómicos: tópicos dos sexos, escenas eróticas, temas escatolóxicos.
15. Elementos innovadores ou revolucionarios no teatro de Aristófanes sobre a muller e o seu papel na sociedade: As Asembleístas.



Semanas mas tarde,
a Tebas avanza
resolver alcanza
cierta adivinanza,
semanas más tarde.

La Esfinge de Tebas,
al ser derrotada,
se ofusca, se enfada
y se hace, y se hace pomada,
la Esfinge de Tebas.

Y sin darse cuenta
casado el está
con quien saben ya
su propia mamá,
y sin darse cuenta.

De sus propios hijos
hay larga secuela
y aunque esto le duela
Yocasta es abuela,
de sus propios hijos.

Edipo al saberlo
en una entrevista
con su analista
se quita, se quita la vista,
Edipo al saberlo.

Al ver a una esfinge
planteando un dilema,
huid del problema
cambiando de tema,
al ver a una esfinge.

Madres amantes,
tomad precauciones
con las efusiones
de hijos varones,
madres amantes.

Por no repetir
la historia nefasta
de Edipo y Yocasta
lo dicho, lo dicho ya basta,
por no repetir.




4. A PROSA

As primeiras manifestacións literarias gregas, ó igual que nas outras culturas, aparecen en verso. Non só os poetas, senón tamén os filósofos expuña o seu pensamento en forma poética. A prosa nace co desenvolvemento dunha mentalidade racionalista, que intenta despozar as lendas herdadas dos devanceiros dos elementos fabulosos ata chegar a un núcleo verdadeiro. Xunto coa física e a filosofía, que intentan explicar racionalmente o mundo, xurde a historia, que intenta explicar feitos xeográficos, históricos e étnicos pola vía empírica e da investigación. Para estes novos xéneros literarios a forma máis adecuada é a prosa, pois é capaz de organizarse en formas lóxicas, non é repetitiva como a poesía e é un instrumento máis frío da razón fronte ó carácter emocional da poesía.

A HISTORIOGRAFÍA

Ó igual que a filosofía e a ciencia, as orixes da historiografía están en Xonia no século VI a. C. O termo *ἱστορία* provén de *οἶδα*, saber por ter visto, e significa “narración do que se veu e por tanto coñécese”. Así o seu obxecto ven sendo narrar as experiencias e sucesos vividos ou indagados polo propio autor. Este concepto primitivo foi evolucionando ata chegar a Tucídides.

XENOFONTE (430-354 a. C.)



Aristócrata ateniense, discípulo de Sócrates, admirador de Esparta, e que axudou a Ciro o Novo no seu intento de arrebatarlle o trono ao seu irmán Artaxerxes. A súa colaboración cos espartanos en contra da súa patria ocasionoulle o desterro. Os lacedemonios compensárono regalándolle unha vila en Escilunte (Olimpia), onde redactou a maior parte das súas obras.

Obra

- Obras filosóficas: *Memorables*, *Apoloxía de Sócrates* e *Banquete*, de influencia socrática. Pódese incluír neste grupo o *Económico*, porque un dos seus interlocutores é Sócrates; pero polo tema que trata, a administración doméstica, pódese encadrar dentro das obras técnicas.


- Obras técnicas: *Constitución de Esparta*, de carácter político; sobre a equitación: *Hipárquico*, *Sobre a equitación*; sobre a caza: *Cinexético*; sobre política e economía: *As rendas*.

- Obras históricas:

As *Helénicas* é a súa principal obra histórica. Dividida en sete libros nárranos a historia de Grecia dende o ano 411 ó 362 a.C..

- S. IX-V a. C. **Esparta** (capital de Lacedemonia ou Laconia): estado militar cun réxime oligárquico.
- 900 a. C fúndase pola unión de aldeas rurais, seguindo a constitución dictada polo mítico Licurgo. Os principais órganos de goberno son:
 - Diarquía: dous reis de distintas dinastías con poucos poderes.
 - Éforos (ἐφοροι): cinco funcionarios de maior poder que dirixían a política exterior, o exército e os órganos de goberno.
- Xerusía (γερουσία): consello de 28 anciáns que xunto cos dous reis cooperan cos éforos.
- Apella (ἀπella): asamblea de cidadáns (espartiatas) maiores de idade que podía vetar as propostas da xerusía e os éforos, pero non ten capacidade de decisión.
- s. VIII-VII a. C. expándese conquistando e sometendo aos seus veciños do Peloponeso: Mesenia, Argos e Arcadia.
- 550 a. C. Fúndase a liga do Peloponeso: os estados do Peloponeso quedan obrigados a prestar axuda militar a Esparta
- 443- 429 a. C. Século de Pericles. Florecemento cultural, remodelación da Acrópole. **Democracia ateniense**, os principais órganos de goberno son:
 - Boulé (βουλή): Consello formado por 500 membros elixidos por sorteo de entre asemblea por un ano. Deliberan sobre os asuntos xerais que decidirá a asemblea, preparan as leis e aconsellan á ekklesía.
- Ekklesía (ἐκκλησία): Asemblea formada por tódolos cidadáns (varóns maiores de 21 anos, libres e fillos

Continúa o relato de Tucídides ata chegar o fin da hexemonía tebana. Ao ser a continuación da obra de Tucídides, sufriu menoscabo na súa apreciación literaria; sen embargo valóranse nela o bo coñecemento das cuestións militares, a boa caracterización dos personaxes principais, eficaz descrición de escenas illadas e a sinxeleza de linguaxe.



A *Anábasis* é unha especie de diario militar que nos relata a fracasada expedición de axuda a Ciro o Novo, aspirante ó trono persa. Xenofonte trabara amizade con este príncipe persa e sentía admiración por el, afirmando que era «o home máis apto para reinar e o máis digno de gobernar entre os persas que sucederon a Ciro o Vello» e engadía «xuzgo que ninguén foi amado por máis personas nin entre os gregos nin entre os bárbaros». A obra quizais foi escrita para xustificar a súa labor como estratego, polo que en moitos momentos pode faltar a obxectividade. Destaca, sobre todo, pola súa descrición xeográfica e etnográfica.

de pai e nai ateniense) que vota e aproba leis, declara a paz ou a guerra e decreta desterros (ostracismo). É o máximo órgano de goberno e dirixe a política interior e exterior.

Maxistrados: Dez arcontes ou gobernates (ἄρχοντες) elixidos por sorteo executaban as decisións da asemblea. Dez estrategos ou xenerais (στρατηγοί) elixidos por votación dirixían a política interior e exterior.

- 431- 404 a. C. **Guerra do Peloponeso:** Atenas e Esparta enfróntanse polas seguintes causas:

- Oposición dos seus reximes político-económicos.

- Presión sobre Esparta de cidades comerciais que non formaban parte da Liga Délica, como Corinto e Megara.

- Rivalidade entre Atenas e Esparta pola hexemonía de Grecia.

- Desexo de Esparta de frear a expansión de Atenas.

- Liberación dos estados sometidos ao poder ateniense

- 431-421 Guerra "Arquidámica", comezada polo rei espartano Arquidamo. Victorias igualadas: Atenienses por mar, espartanos por terra.

- 429 Peste de Atenas: morre Pericles.

- 421 Paz de Nicias: tratado por 50 anos.

- 415 Expedición a Sicilia: o belicista Alcibiades consegue permiso da Asemblea para axudar a colonias atenienses contra Siracusa. Alcibiades, desterrado por acusación de sacrilexio, abandoa a expedición e refúxiase en Esparta. Esparta acude en axuda

de Siracusa. Fracasa a expedición.

- 413 reanúdase a guerra. Esparta pide axuda a Persia e equipa a súa flota coa axuda persa. Na batalla de Decelia Esparta cerca a Atenas por terra.
- 411 Triunfo da oligarquía en Atenas: Consello (boulé) de 400 membros e Asemblea (ekklesía) de 5.000 membros. Sublevación do exército e proclamación de Alcibíades como xefe supremo.
- 406 Batalla das Arxinusas: anque vence Atenas, os xenerais son condenados por non socorrer ós naufragos.
- 405 Batalla de Egospótamos: derrota definitiva de Atenas.
- 404 Consecuencias da guerra do Peloponeso para Atenas: derribar os muros longos, entregar case toda a súa flota e someterse a Tiranía dos Trinta, réxime de terror cun goberno oligárquico proespartano. **Atenas perde a hexemonía sobre as polis gregas.** A guerra debilita tamén a Esparta, sendo Persia quen máis beneficio saca desta guerra.
- 403 restablecemento da democracia en Atenas
- 401 a. C. Batalla de Cunaxa: morre o príncipe persa Ciro o Novo, en rebelión contra o seu irmán Artaxerxes. Retirada das tropas mercenarias gregas (anábasis) baixo o mando de Xenofonte.
- 399 –394 a. C: Novos enfrontamentos entre Esparta e Persia, baixo o rei Axesilao II de Esparta.
- 395 a. C. Guerra de Corinto: Atenas, Corinto, Tebas e Argos, apoiadas por Persia, atacan a Esparta.

A *Ciropedia* é unha historia novelada da vida de Ciro o Vello, creador do Imperio Persa. Trata os feitos históricos con grande liberdade e abundan os discursos de carácter moralizante. Para a descripción de Ciro o Vello, Xenofonte baséase na personalidade de Ciro o Novo.


O *Hierón* consiste nas conversacións do poeta Simónides co tirano Hierón acerca da tiranía.

O *Axesilao* é un eloxio do rei espartano Axesilao.




Relevo de Ciro o Grande, Pasagarda

Xenofonte destaca máis como narrador que coma crítico. Se como filósofo Xenofonte é un pensador superficial, que non resiste a máis mínima comparación con Platón, como historiador está tamén moi lonxe do rigor de Tucídides. Xenofonte é un historiador parcial que non oculta a súa simpatía por Esparta, carece do rigor de Tucídides ao encararse cos feitos históricos, non chega as causas profundas destes feitos, chegando a explicacións non racionais como a cólera divina ou vinganza dos deuses. É un escritor ameno, pero pouco profundo.



Tucídides (460-396? a. C.) explica a Historia partindo do home e das circunstancias que o rodean, dende un punto de vista racional que exclúe a influencia divina e as explicacións relixiosas. Quere facer unha obra imperecedoira: nas súas propias palabras, κτήμα ἐς αἰεί, «posesión para sempre». Para conseguilo non só describe feitos concretos e particulares senón que analiza e relaciona as diferentes situacións histó-

ricas, concluíndo que a natureza humana, τὸ ἀνθρώπινον, sempre aspira ó poder e ó proveito particular. Esta constante do comportamento humano fai que a Historia, sempre fiel á realidade, ensine non só cousas do pasado, senón tamén do futuro (estructura cíclica da Historia). Vemos en Tucídides un claro antecedente do materialismo histórico.



BIBLIOTECA MITOLÓXICA DE APOLODORO

A *Biblioteca mitolóxica* é un libro elaborado entre os século I e II d. C. que recolle de xeito detallado, pero incompleto a mitoloxía grega dende a creación do mundo até a guerra de Troia. Durante moito tempo esta obra foi atribuída a Apolodoro de Atenas, un autor que viviu no s. II a. C. entre Alexandría e Pérgamo, porque el tamén elaborara un compendio mitolóxico máis exhaustivo en verso. No s. XIX quedou demostrado que este Apolodoro de Atenas non podería ser quen escribiu a *Biblioteca*, polo que ao autor da *Biblioteca* se lle chamou "Pseudo-Apolodoro".

A *Biblioteca* foi usada como un libro de referencia para o coñecemento da mitoloxía dende os clasicistas até a actualidade. Relata os mitos gregos contando a historia das grandes dinastías de heroes e os seus principais episodios. Orixinariamente estaba composta por catro libros, dos que conservamos tres, xa que o cuarto perdeuse. Pero ademais dos tres libros, consérvanse sete *Epitomes* (resumos) elaborados a partir da edición completa, que foron descubertos a finas do s. XIX, e que inclúen a parte perdida.

- 394 a. C. Os persas, dirixidos polo ateniense Conón, vencen aos espartanos en Cnido. Os espartanos derrotan aos atenienses e tebanos en Queronea. Persia e Esparta volven a entenderse ao intentar restablecer os atenienses a Liga Délica.
- 387 a. C. Paz entre Esparta e Atenas (Tratado de Antálcidas), mediado polos persas
- 377 a. C. Creación da 2ª Liga Délica para defenderse das violacións do tratado de paz por parte de Esparta.
- 371- 362 a. C.: Hexemonía tebana co xeneral Epaminondas.



APUNTAMENTOS



APUNTAMENTOS



TEMARIO GREGO 2º DE BAC

1. A ÉPICA: HOMERO

- Principais características do xénero épico
- A figura de Homero
- **Lectura: *Ilíada*, cantos I, VI, XVI, XXII**

2. A LÍRICA

- Principais características da poesía lírica grega
- Arquíloco, Anacreonte e Safo
- **Lectura: fragmentos de Arquíloco, Anacreonte e Safo.**

3. O TEATRO

- Principais características do teatro grego: traxedia e comedia
- Trazos da traxedia centrados en Sófocles
- Trazos da Comedia centrados en Aristófanes
- **Lecturas: *Edipo Rei* de Sófocles
As Assembleístas de Aristófanes**

4. A PROSA

- A Historiografía: Xenofonte
- **Tradución: selecta de textos de Xenofonte**
- A *Biblioteca* de Apolodoro.
- **Tradución: selecta de textos de Apolodoro**

Bibliografía

- *Historia de la Literatura Griega*, López Férez, J. A. (ed.), ed. Cátedra.
- *Introducción a Homero*, R. Adrados e outros, ed. Labor
- *Antología de la Iliada y la Odisea*, Ruipérez, Martín s., Fundación Pastor de Estudios Clásicos.
- *Atlas Histórico Mundial*, Kinder & Hilgemann, ediciones Itsmo.
- *Introducción das obras de Xenofonte*, publicadas na ed. Gredos.
- *Introducción das obras de Aristófanes*, publicadas na ed. Estudios Clásicos.

WEBS

- Wikipedia
- <http://ciug.gal/>
- www.culture.gr
- <http://aspasiamelide.blogspot.com>
- www.culturaclasica.com...